

EXPEDIENTE: 2022/CONTRAT/000004

**ASUNTO: ACLARACIÓN SOBRE O ANEXO XIV DO PCAP QUE REXE A LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”**

En relación coa documentación a incluír no sobre 3 da licitación 2022/CONTRAT/000004 da licitación do contrato de servizos “Apoio a persoas coidadoras 2022-2023”, no Anexo XIV do PCAP establécese, en relación coas melloras, o seguinte:

*“As melloras deben expoñerse nun documento que expliquen con detalle como se van a desenvolver detallando os obxectivos, descrición e temporalización.”*

Non se fai mención, sen embargo, á fase ou sobre no que se debe incluír a descrición destas melloras. En aplicación dos principios de economía administrativa, e tendo en conta que a valoración destas melloras é puramente obxectiva, polo que a descrición destas non afecta á valoración a outorgar, a entrega do documento requirido farase do seguinte xeito:

**O documento no que se expliquen con detalle como se van desenvolver as melloras, detallando os obxectivos, descrición e temporalización destas, deberá aportarse unicamente pola empresa proposta para a adxudicación, na fase de presentación de documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos polo licitador que presenta a mellor oferta (Cláusula 2.3.2 do PCAP).**

*Asinado dixitalmente pola técnica de contratación e patrimonio, co visto e praxe da primeira tenente de alcaldía en calidade de órgano de contratación (Decreto 2019002619, de 20 de xuño, publicado no BOP da Coruña núm. 128, de 9 de xullo de 2019), na data que figura no pé de sinatura.*

